

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Amplíase o importe total dos créditos para o financiamento das axudas previstas na Orde 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, nunha contía de 527.239,38 €, na aplicación 12.04.322A.460.2, código de proxecto 2001 14 440.

#### Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

#### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.

Beatriz Mato Otero  
 Conselleira de Traballo e Benestar

Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 22 de abril de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 79, do 28 de abril), establece na súa disposición adicional cuarta, na cal se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás

axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da devandita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 79, do 28 de abril), nas seguintes contías e aplicacións orzamentaria, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010:

12.04.322C.470.2, código de proxecto 2010 00758 polo importe de 1.583.220 euros, 12.04.322C.472.2, código de proxecto 2010 00775 polo importe de 594.203,46 euros e 12.04.322C.470.1, código de proxecto 2010 00747 polo importe de 706.694,75 euros.

#### Artigo 2º

Estas modificacións non afectan ao prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

#### Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010.

Beatriz Mato Otero  
 Conselleira de Traballo e Benestar

*Resolución do 29 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se procede á convocatoria da proba específica de validación de profesionais sen formación preventiva especializada para inscrición no Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción (Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción).*

En cumprimento do disposto no Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, que establece no seu artigo 12.2º que no caso dos profesionais que, carecendo da formación preventiva especializada, poidan